



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios meses, unha das pezas de cantería que soporta a placa co nome da rúa Manuel Murguía, no tramo próximo á rúa Antonio Casares, permanece deitada, ofrecendo unha mala imaxe nunha céntrica rúa por onde transitan moitas persoas que acoden diariamente a unha coñecida instalación sanitaria da nosa cidade.


Descoñecemos os motivos polos que os correspondentes servizos municipais non procederon aínda a erguer e afianzar esta peza, un traballo que semella sinxelo e de doada realización. Aínda que o motivo deste retraso fora o trámite dalgunha posible reclamación por danos consideramos que, tendo en conta o tempo transcorrido e o importe do traballo, nada –que non fora unha suposta negligencia ou desidia– debería impedir unha inmediata restitución deste elemento urbano por parte da Administración local.

En consecuencia, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do Goberno local se dean as instrucións precisas ao correspondente servizo municipal para proceder á maior brevidade a recolocar a peza de cantería derrubada nas proximidades da confluencia das rúas Antonio Casares e Manuel Murguía, que serve de soporte para a placa coa denominación desta última rúa.

Santiago de Compostela, a 7 de setembro de 2016.

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular



ANEXO FOTOGRAFICO

